


DISCURSO DE CLAUSURA



Bautista Álvarez Domínguez

Militantes e simpatizantes da UPG,
delegacións convidadas,
amigos presentes neste acto de clausura,
recebede todos os nosos saúdos cordiais.

É o congreso que acabamos de rematar un acto máis da celebración do cuarenta aniversario da fundación do noso partido. Quero retomar algunhas ideas que neste mesmo lugar espuxen o 17 de Agosto, e que nos poden dar azos para continuar a loita que iniciamos no 1964. Xurdiu a UPG como resposta á dependencia cultural, económica e política do noso país, para dar continuidade á tarefa emprendida polo nacionalismo anterior á Guerra Civil. Eran tempos difíceis, como retratou Celso Emilio na “Longa Noite de Pedra”. A ditadura franquista, inimiga de liberdades e dereitos democráticos, acentuaba a súa hostilidade contra actividades e ideas que cuestionasen o dogma imperial da sagrada unidade da pátria española. Para os militantes que descoñezan aqueles tempos escuros pode significar unha sorpresa descubrir que o anterior Presidente de Cataluña, Jordi Pujol, pasou pola cadea por protagonizar un acto de protesta no Teatro Colón de Barcelona, consistente no canto de “El segadors”, hino nacional daquela nación. Así era un rexime xurdido non dunha

guerra nen dun golpe militar, senón dunha cruzada. Unha cruzada para combater a herexia marxista e separatista. Sobre todo esta, por atentar contra a esencia dun imperialismo fracasado.

Naquelas batallas forxouse o temple do noso partido. Se existen hoxe sindicatos nacionais en Galiza, algo terá que ver a UPG co seu nacemento e promoción. Se houbo ensaios, a maioría fracasados, de articular sucedáneos de políticas nacionalistas autóctonos, foi como resposta á indución exercida pola Unión do Povo Galego. Mesmo a premura coa que os partidos españois engadiron o “gue” para actuar en Galiza, desde o PC ao PP pasando polo PSOE, foi para simular unha mensaxe de compromiso co país que só unha opción nacionalista coerente podía monopolizar. Non me estendo. Quizais o mérito máis salientábel foi o esforzo, sacrificio, impulso e renúncia realizados para conseguir a unidade orgánica do nacionalismo galego, garantía presente para acadar no futuro a pátria que arelamos. Pode desaparecer a UPG como partido. Os seus froitos teñen xa unha páxina na historia. Procurei condensar nestas liñas unha referencia obrigada no coarenta aniversario da fundación do noso partido.

Por nacionalistas e demócratas loitamos na ditadura. Por nacionalistas e demócratas seguimos loitando na actualidade, pois non existirá democracia mentres non desapareza o delito de reclamar a liberdade e os dereitos das nacións. Como delito os xulga unha Constitución que encomenda ao exército a misión de combater os movementos de liberación. O chovinismo español entronizou como dogma a intanxibilidade do Estado unitario herdado da Raiña Católica, usurpadora do Trono de Castela. É pecado todo o que non sexa venerar o dogma, e no pecado está o terrorismo e a violencia. Unha mentalidade atrapada no

ideário de Felipe II non comprende o nacemento en Europa de novas nacións escindidas de vellos Estados. O parto de Ucraína, Eslovénia, Eslováquia, foi un parto sen dolor. Non existiu aquí violéncia. Haina en Chechénia, porque o talante imperialista de Rúsia non utilizou con esta nación a mesma xenerosidade e tolerancia que tivo con Xeórxia. O terrorismo é patrimonio do império. Co nacionalismo está a paz e a democracia. Foi o Portugal de Abril quen puxo fin á guerra imperialista que a ditadura de Salazar mantiña nas colónias africanas. Comprendo que os referentes históricos aducidos non sexan de plena aplicación no contexto do Estado español. Non van tan alá as aspiracións das nacións que o integran. Confórmanse coa remodelación da estrutura estatal de maneira que garanta o respecto ás soberanías nacionais. Por iso mesmo resulta máis censurábel a intransixénzia cesarista do españolismo.

O noso ideário nacionalista insírese nun pensamento humanista que aspira á transformación da sociedade. Entrámos no cenário político nunha época na que a progresia universitária vestía a casaca verde do Che Guevara. Pronto abxurou esta progresia da casaca. Instalada na ideoloxía do sistema, converteu a palabra “revolución” en anatema. Pasamos por iso. Renunciamos, se for preciso e así nolo demandan, a introducir as mudanzas através da cirurxia revolucionária. Sobra o léxico se permanecen os contéúdos. O que non estamos dispostos é a sacrificar a función transformadora, esencial nunha alternativa que aspira a ser a consciéncia lúcida da sociedade, unha sociedade que non vai ben polo camiño que a levan. Somos minoría por sermos fillos e valedores dun povo marxinado. Non podemos servir aos oprimidos aspirando asemade a merecer os parabéns dos opresores. Non esquezamos que o avance da his-

toría se fundamenta na contradición, e dela derívase a teoría que inspira o noso pensamento político.

Semella ás veces que na confrontación dialéctica sacrificanse os principios elementais da lóxica. Cando utilizamos, por exemplo, a utopía conciliadora do interclasismo. Resulta axiomático que non se pode conciliar o ser coa súa negación. Non habería enriquecemento do patrón se non existisen as plusvalías dos obreiros. A miséria do Terceiro Mundo ten como antítese o despilfarro belicista do imperialismo. ¿Qué facemos entón –preguntaredes– promovendo, integrando e apoiando unha fronte compartida pola maioría das clases sociais do país? Porque nós acreditamos na alianza das clases agredidas polo mesmo inimigo. Na loita por melloras salariais non caben nunha mesma alianza o obreiro e o patrón, por ser esta unha alianza antitética interclasista. Caben, si, os labregos, mariñeiros, pequenos comerciantes, empresarios autóctonos, expoliados todos eles pola mesma explotación colonial. Por non ter en conta este axioma fracasou aquí unha esquerda de importación. Podemos fracasar nós se importamos análises políticas non acaídas á nosa realidade. Dela debemos tirar as ensinanzas e criterios de actuación. Nas eleccións, nos referendos, nas mensaxes partidárias, debemos pensar e actuar como colónia, non cos criterios que nos insinúan os entregados á mentalidade do império.

O éxito do nacionalismo depende da súa firmeza, tanto ideolóxica como organizativa. Se fallan os principios, derrúbase o edificio. A alianza de clases integradas na fronte patriótica foi a forma de loita utilizada en todos os países dependentes. Nunca estes seguiron o modelo dos partidos tradicionais das metrópolis. Xa que logo, optar pola segunda alternativa, a da metrópo-

le, significa o inicio dunha desviación sospeitosa. Fagamos entre todos o que é patrimonio de todas as clases, reservando o papel dirixente para aquela que por ser a máis agredida se sitúa na primeira liña do combate.

Somos de esquerdas, claro é, por selo por definición un nacionalismo coherente. Pero non temos grande interese en utilizar un calificativo político prostituído desde que nel se acobillan moitos partidos burgueses. O noso bando non é o da social democracia, nen moito menos o dun Blair comprometido coa guerra imperialista. Non abonda con sacar da sacristía á sociedade para diferenciarse da dereita. A da aconfesionalidade pudo ser a loita revolucionaria do século XIX. Antes e agora a liña divisoria ven marcada polo posicionamento a respecto do sistema político imperante. Hoxe, polo cuestionamento ou non do modo de produción capitalista. Os esquerdistas actuais, que inclusive se chaman progresistas, son os valedores dunha monarquía que a Revolución Francesa levou á guillotina. Son os que restauran fastuosas vodas principescas financiadas co diñeiro público. Que non faría un Robespierre resucitado entrando a vergallazos no templo da modernidade!

Dá a impresión a nova esquerda de ser unha dereita acomplexada e vergoñenta de si mesma. Se claudica no simbólico, que non diremos da subordinación humillante co capital! Nada de sector público da economía. Nada de pór trabas e domesticar os monopolios. Nada de heterodoxias socialistas. O Tratado de Roma, pai da Unión Europea, condenou hai tempo esta herexia. Esta esquerda é a que nos ten convocados a participar nun auto de fe no próximo referendo. É a que censura ao BNG as súas alianzas cos nacionalistas de Euskadi e Cataluña. Por qué razón? Sim-

plesmente por ser unha esquerda imperialista. Renunciamos, pois, a utilizar o calificativo que vos constituísteis. Abóndanos a nós a identificación nacionalista. Con ela combateremos para restituir ao pobo a súa identidade. Para subordinar os monopólios e submeter o capital ao servizo do propio desenvolvemento. Ficade vós coa modernidade, competitividade e produtividade, os grandes ídolos da triloxía neoliberal por vós venerados. Seguid a discutir pola máis acaída xestión do PIB, mentres virades as costas aos reximes do Terceiro Mundo máis comprometidos coa revolución social.

Nesta situación non é censurábel ser minoría. É un deber de honestidade política, cando entre os valores escollidos para a presentación en sociedade prevalece a prestancia física sobre os contidos éticos e intelectuais. Antes os liderados nacían da loita do pobo. Procuráranse hoxe na cor da garavata, na feitura do fardelo, na esbeltez da figura. Pensa alguén que nas últimas eleccións americanas foi a diferenza duns centímetros de estatura a que deu a vitoria ao candidato republicano. Ignoro eu a veracidade desta opinión. Inclusive a considero insidiosa, tendo en conta a talla de auténticos ananos de ambos políticos. Mesmo así, tanto alí como aquí, as campañas eleitorais estánse a converter nun concurso de *misses*. Quizais, se non fose por iso, as eleccións perderían atractivo e desaparecerían, non por golpes de estado senón por propia inacción.

Non é a primeira vez que tomo emprestada unha opinión do anterior Presidente de Cataluña. Mentres outros falan de programas –afirmaba el– nós temos proxectos. Eis o carisma do nacionalismo: a posesión dun proxecto. Suprimido este, a confrontación política fica reducida á discusión das técnicas máis eficien-

tes para a consecución dos idénticos obxectivos, nunha lingua-xe accesíbel só por iniciados: o PIB sobe, a renda per capita devece, a balanza de pagamentos equilíbriase. Que pensará de todo isto o vagabundo que eu atopaba durmindo todas as mañás deste xiado nadal no paso subterráneo que comunica as dúas bandas da rua de Alcalá fronte ao Parque do Retiro madrileño? Porque, amigos, na sociedade da opulencia cada día existen menos espazos para albergar vagabundos. E non é por falta de pontes. É polo incremento de inquilinos.

A digresión, talvez necesaria, non quero que me arrede da idea central que vos quero transmitir. A nosa forza depende da existencia e consistencia dun proxecto transformador da sociedade, para un día converter en hexemónica a que empeza por ser unha aspiración de minorías. Podemos fracasar. Non acreditamos en dogmas nen profetas. Pero partiremos xa derrotados se nos deixamos vencer pola opinión dos que manteñen un proxecto diferente. Se prevalece en nós a preocupación de non anoxarmos os que pensan doutro xeito, xa estamos pensando coma eles. Se temos vergoña ou nos acañamos en defendermos pública e coherentemente a soberanía do noso país, fagámonos rexionalistas. Retiremos o dereito de autodeterminación dos principios ideolóxicos. Borremos do hino a “nación de Breogán”, ese fogar dos nosos antergos arrulado polos versos de Pondal. Os guerreiros utilizan as trincheiras, non as catacumbas. A liberación dos povos non ven nunca por benzón divina. É tarefa encomendada á espada da milicia.

Gostaría de seguir debullando unha idea para min cardinal e preocupante neste momento. Afórrame o traballo a madurez ideolóxica de toda a militanza da UPG, madurez que non per-

mitirá, teño a certeza, converter a memoria de Castelao, de Alexandre Bóveda, de Moncho Reboiras, de 40 anos de loita do noso partido, converter –repito– en arqueoloxía política. Son eles os únicos referentes para nós, non os que nos aconsellan sacrificarmos o pensamento á modernización. Xa foron estes retratados e ridiculizados por Castelao nos “Cincuenta homes por dez réas”. Son os que preferen a pucha ou o toucado ao contido da cabeza. O espello que nos poñen por diante é o mesmo que utilizaron os conquistadores europeos para engaiolar os indios. Tamén a historia xustificou o seu exterminio por exixencias da modernidade. Comprobamos, pois, como a terceira persoa da trindade neoliberal ten pouco de moderna e moito de xenofobia. Modernidade que vai orixinar, segundo proxeccións estatísticas, a desaparición en vinte anos de grande parte das 30.000 parróquias galegas. Galiza está morrendo. Arrepiante premonición. Galiza está morrendo, compañeiros, pero non debemos preocuparnos pola súa defunción. Os valedores de Bruxelas e Madrid estánlle a preparar un enterro de primeira.

Contaremos nas exéquias con representación europea. É un deber do protocolo. Inclusive poida que reserven nos orzamentos comunitarios unha partida para gastos do enterrador. Era un costume frecuente entre os pistoleiros do Oeste americano. Toquei Europa, pero non quero determe en comentar a posición tomada desde sempre a este respecto polo nacionalismo galego. Algo si quero engadir como expresión exclusiva da miña opinión. Non sei por que razón temos que acompañar o rexeitamento ao Tratado da Unión, sometido moi pronto a consulta popular, cunha profesión de fé europeísta que ninguén nos solicita. Home, como tal fé podemos entendela. Consiste esta en crer o que non vivimos. Vistes outra Europa que non sexa a que enxendraron no

Tratado de Roma os mercaderes? É a única que aparece institucionalizada como tal. Todo o demais é só unha simple referencia xeográfica. Inclusive os mitos comuns utilizados como referente identitario teñen a súa orixe no continente asiático. A única identidade compartida está no euro. Os eurócratas queren converter nunha nación unha moeda. Son os que adoran o becerro que fabricaron os xudeus na travesía do deserto.

Reparade. Hai uns días televisouse unha gala adicada aos nenos do Terceiro Mundo para enviarlles xoguetes de nadal, como se a urxencia máis importante dos nenos famentos fose xogar coas brincadeiras fabricadas por “Famosa”. A campaña apoiábase coa transmisión de imaxes de picariños esqueléticos, relosos, esfa-meados. Non foi para min o máis preocupante. Foi a carraxe de ver un espectáculo animado por presentadoras –artistas coñecidas– que levaban en ferraxe máis dun cuarto de millón pendurado en cada man, convertendo o que aparecía como labor humanitario nunha farsa. Hai no mundo máis de oitocentos millóns de persoas que pasan fame. A metade da Humanidade vive con menos de dous dólares diarios. Europa ten nas súas fronteiras o desembarco e naufraxio de “pateras” que foxen da miséria. Non obstante, límitase a produción, e diso algo sabemos en Galiza, límitase, porque o nivel de penuria dos miserentos non acadou aínda a categoría de compradores para poderen eliminar os excedentes. As galas non van rematar cos problemas que o sistema orixinou. Tampouco o vai resolver a hipocresía do 0,7 de nengunha ONG. Hai transnacionais que obteñen uns beneficios anuais moi superiores aos que serían necesarios para alimentar os que viven no límite da subsistencia. A solución, visto é, parece clara. Converter os excedentes de explotacións en expedientes de expropiación.

Un comentarista político, de pasada e coñecida militancia na dereita, censuraba ao BNG a postura de rexeitamento da chamada Constitución europea, xa que esta serviría de baluarte para defendernos do imperialismo americano. A súa argumentación deume que pensar. Nada mellor que botar man do simbolismo da estátua da liberdade. Velaí as miñas conclusións. A miña limitada formación cultural non me permite saber cal dos dous monumentos foi erixido con anterioridade: o que en París semella navegar polas augas do Sena, ou que dá a benvida aos barcos estranxeiros que arriban a Nova Iorque. Extremo sen importancia. O máis significativo é a identidade das dúas esculturas, xemelgas na forma e no que simbolizan. O humor de Castelao ridiculizou a neoirquina substituíndo o facho por un xelado. Coido que a ironía do noso escritor captaba xa a hipocresía con que o capital interpretou a liberdade. Nen facho nen *ice cream*. O máis axeitado é unha bolsa chea de moedas. Non van pelexar, pois, esas dúas matronas que comparten identidade de obxectivos.

Xa sei que esta paródia –irreverente se queredes– vai provocar as iras dos que consideran a UPG a reserva prehistórica do nacionalismo galego. Por suposto aqueles a quen manca a existencia de nacionalistas en Galiza. Son os que nos tentan coas excelencias da renovación, que nunca será suficiente mentres nen se convirta en traizón ao propio ideario. A distancia ideolóxica que nos separa destes asesores é a mesma que existe entre eles e nós. Quen ten que facer o itinerario de aproximación? Daremos dous pasos nós cando eles dean un. Mentras tanto renunciámos á vida regalada do can domesticado, porque non debemos trocar a rebeldía en submisión.

Claro que estamos a nadar contra corrente. Debemos facelo, por asumirmos o papel de conciencia crítica da sociedade, que,

autocolonizada, vai ao rabo dos que turrán por ela desde fora. Se renunciámos á función transformadora sobramos en política. Abondan xa os que fixeron desta virtude solidária unha profesión. Para isto as ideas son un lastre. Importa máis a técnica adquirida nunha escola, non na militanza. Se por cobardía ou oportunismo renunciámos á confrontación dialéctica, se nos deixamos levar pola dirección que nos marca a onda, somos nós quen sairemos transformados por aquilo que pretendemos transformar. Non esquezamos o principio fundamental da filosofía dialéctica. O avance da historia prodúcese como resultado da tensión entre forzas contrapostas. Non se activa o motor que recibe un só tipo de corrente polos fíos condutores. É sacrificado, pero necesario, ser a antítese nesta confrontación. Por iso dixen nun parágrafo anterior que a liberación dos povos é unha tarefa encomendada á espada da milicia.

É fundamental, neste sentido, intensificar a formación política da militanza nacionalista. Non se trata de retornar aos métodos didácticos impartidos na época da clandestinidade. Novos tempos esixen renovadas pedagogías. Paréceme a min o antídoto máis eficaz para defendernos da absorbente axitación que o sistema realiza, principalmente através dos medios de comunicación. En ausencia de criterios e referentes internos corremos o risco de deixarnos engaiolar por modelos que por principio debíamos rexeitar. Chegaremos a fabricar e idolatrar o becerro ao que anteriormente me referín con distinto sentido metafórico. Non é a miña unha preocupación carente de base. Atópome ás veces militantes refractarios ás decisións partidarias, non por falta de lealdade coa organización, senón polo complexo inoculado desde fora, frecuentemente polos profesionais das tertulias radiofónicas, que igual emiten inapelábeis vereditos sobre cues-

tións xurídicas que se enzoufan no lixo removendo amores, adultérios e cornamentas de famosos. Para corrixir a caréncia que boto en falta, preciso sería comezar por facer dos órganos de dirección foros de debate político, relegando a segundo lugar a toma de decisións executivas.

Hai un drama no falso dilema de ter que escoller entre o que se considera correcto e o que agrada á prensa. Non existen solucións intermédias. O que empeza en drama seguro que vai rematar nunha traxédia: ou na entrega con armas e bagaxes ao exército inimigo, ou no esfrelamento dun proxecto que recibemos dos nosos devanceiros e que temos o deber de transmitir intacto aos sucesores, pola sinxela razón de ser este un patrimonio do pobo. Renunciar ao que é de un pode constituir un erro, pero é unha lexítima opción individual. Dilapidar o patrimonio do pobo significa unha traizón. Os militantes da UPG, con cuarenta anos de historia, superamos xa a adolescencia política. Temos consolidados os amores –monogámicos, por certo (e perdón ao feminismo por permitirme unha licenza motivada por esixencias da metáfora)– e reservamos portanto as carantoñas exclusivamente para aqueles que temos o deber de cortexar.

Temo cair na reiteración remoendo nas mesmas ideas que desde o principio da miña intervención constituen o eixo do meu discurso. Dame a sensación de estar xirando arredor un prisma ao que quero interpretar desde distintas facetas. Nunca tentei –e moito menos agora– sentar cátedra coas opinións particulares. En todo caso, non sería lexítimo facelo na fase que o congreso situa fora do debate. Se algun valor teñen é a de seren simples confesións de penitente. Fago a observación para que das miñas palabras non se deduzan intencionalidades ocultas. Lembrade a

malévola interpretación da parábola das “azas emprestadas”, entresacadas da intervención que tiveron na asemblea do BNG celebrada en Ourense, na que alguén quixo ver unha crítica velada do noso partido á Declaración de Barcelona, precisamente da UPG que sempre foi impulsora e liderou as alianzas nacionalistas. Nada que facer cos que sempre nos ollan coas lentes afumadas dos preconceitos. Estes días, co gallo da celebración do congreso que hoxe clausuramos, fomos obxecto dalgún interese por parte dos medios de comunicación. Máis que para darnos protagonismo, para furgar na procura de inexistentes contradicións coa liña seguida polo nacionalismo galego. Ou para meternos como peza do debate histórico, obsesivo, que desde o Estado vai dirixido contra o Plano Ibarretxe. Está xurdindo unha nova confesionalidade, inspirada no libro sagrado da Constitución e simbolizada na única bandeira entronizada e venerada na madrileña Praza de Colón. O renovado fervor españolista préstase a ironizalo coas máis variadas caricaturas, tentación que debo evitar para non desviarme dunha idea que vos quero expor. Algun xornalista suxeriunos nunha roda de prensa que a nosa posición a respecto da chamada Constitución Europea podía arredarnos da opinión maioritaria. Entre os argumentos ao noso favor hai algúns xa implicitamente tocados ao longo desta intervención. Interésame agora un aspecto abondo ilustrativo. Sabemos, polas sondaxes coñecidas, que existe unha esmagadora maioría a prol do “si” no referendo. Nada que obxectar. O preocupante é o descoñecimento que esa mesma maioría manifesta a respecto do texto que van submeter a consulta popular. Que se está cuestionando, entón, do voto negativo que os nacionalistas promovemos? O de non estarmos cos que integran o bando maioritario da ignorancia? Non quero eu

aplicar tan cruel interpretación por respecto a un povo no que os instrumentos do poder están a fomentar o acriticismo. É a porta de acceso para introducir as tiranías. Por iso as ditaduras comezan sacrificando a intelixencia. Lembrede o repto de Millán Astray na universidade de Salamanca. Lembrede os mártires da barbarie chilena ou arxentina. Para o dogma militar non hai outra razón que a razón do sabre.

A conclusión á que quero chegar é moi sinxela. Aínda que non lográsemos persuadir a ninguén cos nosos argumentos, estamos contribuindo á causa da liberdade e da democracia polo mero feito de introducirmos na sociedade un debate que serve para activar o espírito crítico da mesma. Abondaría con isto. Reitero aquí o principio da contradición dialéctica, fundamental para logramos a revolución coas ideas e non coas armas. Máis que políticos somos pedagogos. As reaccións químicas, que provocan un cambio cualitativo no estado da materia, son produto da combinación de elementos diferentes. Moitas destas mutacións teñen orixe na actuación espontánea das forzas naturais. Pero a ciencia conseguiu provocalas tamén coa introdución de reactivos nas probetas de laboratorio. Proclamámos hai pouco, na apertura e clausura do congreso, a condición de “ferreiros dun mundo mellor”. Está no hino dos traballadores. Ferreiros, e tamén alquimistas se queredes. Cos reactivos apropiados forxaremos a Galiza nova do futuro e devolverémoslle o ouro que lle furtou a dependencia.

Ferreiros, alquimistas, axitadores ideolóxicos, vaia perspectivas que lle abrimos á mocidade militante! Sei que isto non constitue motivo de preocupación para ela, pois se algo caracteriza a xuventude é a súa entrega e altruista xenerosidade. Son os úni-

cos valores dos que non podemos gabar: valores pouco atractivos para os escaladores dos partidos do poder. Para nós –díxeno antes– a militanza significa unha milícia. Milícia inclusive na representación institucional que o povo nos entregou. Cobízana outros por valerlles de profisión remunerada. Adoran o santo, non por devoción senón pola angarela. Para os que aspiramos a ser forxadores do futuro é un acto de servizo. Converter en obxectivo o que é só ferramenta constitue unha traizón. Se como tal servizo consideramos esa representación, resulta gratificante atopar no retiro o merecido descanso do guerreiro, recibido como prémio e non como castigo. Hai que dar o relevo aos aguerridos loitadores que temos na reserva. Entendédeme ben. Aguerridos loitadores implica computar o tempo de permanencia na primeira liña de combate, que nunca se debe sacrificar ás ambicións do oportunismo.

Remato a miña intervención clausurando o congreso do cuarenta aniversario do Partido. Tentei un ton didáctico –dubido de o ter conseguido– entresacando do pasado, que atravesou diferentes etapas históricas, aquelas ensinanzas que nos poden garantir polo menos outros cuarenta anos de futuro. Hai unha que non mencionei. A fé na nosa vitória. Vitória difícil, pero certa. Ela é a que foi redimindo parcelas e devolveu a liberdade a moitos povos asoballados. Algun día o facho da liberdade alumeará tamén no fogar de Breogán.

Viva Galiza Ceibe!